

	Tipo de enmenda	Localización	Texto da enmenda
1.	Modificación	p. 1, l. 1	Substituír “A CONXUNTURA POLÍTICA” por ANÁLISE DO MARCO POLÍTICO
2.	Modificación	p. 1, l. 3	Substituír “Autonómicas” por Eleccións Galegas
3.	Inclusión	p. 1, l. 37	Incluír unha paréntese: a imposición do galego, o despilfarro nun contexto de crise económica e o desgoberno do “bigoberno”)
4.	Inclusión	p. 1, l. 50	Despois de “como os outros”, incluír: por ter promovido unha política de cambios estruturais
5.	Inclusión	p. 1, l. 51	Incluír, ao final do parágrafo, o seguinte texto: A organización do BNG non foi quen de contrarrestar, mediante o artellamento e espallamento dun discurso propio e coherente sobre a acción de goberno, a liña intoxicadora desenvolvida por certos medios de comunicación e o PP.
6.	Modificación	p. 2, l. 2-3	Onde di “Avanzo do proceso españolizador, nomeadamente nos ámbitos urbanos”, modificar por: Papel preponderante dos medios na formación da opinión pública, nomeadamente nos ámbitos urbanos <i>En caso de aprobación, cumpre modificar onde di “económicos e mediáticos, baixo” por “económicos e baixo”.</i>
7.	Inclusión	p. 2, l. 6	Despois de “crise”, incluír económica
8.	Inclusión	p. 2, l. 25	Incluír, ao final do parágrafo, o seguinte texto: A existencia de intereses diversos dentro do BNG, lonxe de supor unha lexítima riqueza, propiciou tendencias contraproducentes: utilización das accións de goberno como arma arroxadiza entre colectivos, neutralización do debate político da executiva; reparto ineficaz das responsabilidades da Executiva; desinformación da militancia, etc.
9.	Inclusión	p. 2, despois da l. 26	Incluír un novo apartado co seguinte texto: Renuncia por parte do BNG a dar unha batalla ideolóxica sobre a crise do sistema neoliberal, ben como a explicar a nefasta heranza política, financeira e moral da era Fraga.
10.	Inclusión	p. 2, despois da l. 26	Incluír un novo apartado co seguinte texto:

Incumprimentos programáticos do pacto de goberno dos cales o BNG foi responsable (igualdade e transparencia no acceso aos postos de traballo no sector público galego; *cluster* coas empresas do sector galego das telecomunicacións; impulso do Consello da Xuventude) ou corresponsable (regulación transparente das relacións coas empresas privadas de comunicación; reforma do regulamento do Parlamento; reforzamento dos órganos consultivos e de control; ubicación alternativa para a factoría de Ence; pacto pola industrialización).

En caso de aprobación, débese suprimir o actual apartado g), por estar o seu contido xa incluído na enmenda proposta.

11.	Inclusión	p. 2, l. 29	Ao final do apartado, incluír o seguinte texto: Nesa medida, a discreción respecto da dialéctica intragoberno foi inútil e, aliás, perversa, pois a falta de explicación desa dialéctica á militancia levou a transmitir a falsa idea de entreguismo institucional e revisionismo ideolóxico, que repercutiu moi negativamente nos nosos apoios electorais tradicionais.
12.	Modificación	p. 2, l. 33-34	Substituír o título do apartado por A influencia da campaña nacionalista española sobre o marco político
13.	Modificación	p. 2, l. 42	Substituír “dunha historia autónoma, ou de referentes psicosociais propios” por dunha historia propia e de referentes sociais diferenciados.
14.	Modificación	p. 2, l. 45	Substituír “a españolización” por a campaña ideolóxica do nacionalismo español
15.	Supresión	p. 2, l. 47	Eliminar “e aparente”.
16.	Modificación	p. 3, l. 2	Substituír “o combate contra dos nacionalismos, especialmente dos periféricos como o galego” por o combate contra os nacionalismos democráticos como o galego
17.	Modificación	p. 3, l. 7	Substitución da negriña polo seguinte texto: porque a defensa da nosa lingua se corresponde cunha concepción da Galiza desacomplexada e digna, fruto da autoestima colectiva.
18.	Inclusión	p. 3, l. 10	Ao final do parágrafo, incluír o seguinte texto: No entanto, sería unha torpeza pretender apropiarse politicamente da defensa do galego. Ao contrario, debemos insistir, con pedagogía e firmeza, en que a defensa do galego, a súa dignificación e normalización social é un compromiso consensuado polo conxunto da nosa sociedade, que non debe ser destruído unilateralmente, e menos por ideoloxismo electoralista. O galego, lonxe de ser unha lingua imposta, segue a ser lingua subalterna e socialmente discriminada respecto da lingua castelá, e só mediante accións serias e consensuadas, como as previstas no Plano de Normalización Lingüística de 2004, poderá superarse tal situación, implicando de xeito voluntario un número cada vez maior de falantes.

19.	Modificación	p. 3, l. 12-14	Substituír o título do apartado por As alternativas do nacionalismo galego perante o cambio de modelo socioeconómico, político, cultural e lingüístico no Estado.
20.	Inclusión	p. 3, l. 16	Engadir ao comezo do período o seguinte texto: Pese a que as visións socialmente máis estendidas enxergan a actual crise como unha paréntese momentánea que escampará en breve e permitirá retomar con maior forza a senda dun crecemento económico perpetuo,
21.	Inclusión	p. 4, l. 13	Engadir, ao remate do parágrafo, o seguinte texto: Nesta aposta pola economía produtiva, deberemos superar o mero produtivismo industrialista e a depredación dos nosos recursos, orientando a economía galega cara a potenciación das nosas vantaxes comparativas nos distintos sectores económicos mediante políticas intensivas de I+D+i.
22.	Inclusión	p. 4, l. 27	Incluír, despois de “o seu avance e consolidación social.”, o seguinte texto: Para optimizar a potencialidade do BNG como vector vertebrador do nacionalismo galego, cumpre corrrixir os erros de estratexia cometidos durante o proceso de declive que viñemos sofrendo, e que a partir desta Asemblea Nacional debe ser revertido. Nese sentido, é imprescindible executar unha nova estratexia tanto no ámbito municipal (facendo efectivo e socialmente visible o papel dos gobernos de coalición como motor de progreso social e a importancia do BNG nese rumbo político; crear, a partir do ámbito local urbano, novas lideranzas sociais; pór en marcha proxectos supra/intermunicipais) como no autonómico (modelos de lideranza colectivos e non personalistas; definición de proxectos con perfil diferenciado para o rural e o urbano; explicación didáctica dos porqués da necesidade dun “Estatuto de nación”). Por outra parte, as campañas electorais deben conectar coa nosa base social, renunciando ao presidencialismo e ao marketing de deseño.
23.	Inclusión	p. 4, l. 35	Engadir, ao remate do parágrafo, o seguinte texto: Para iso, é imprescindible apostar pola formación e información da militancia, mediante a potenciación das comisións sectoriais (nacionais, comarcais e locais) e das nosas Fundacións como lugares de encontro e discusión informada dos problemas contemporáneos, cuxo traballo poida ser aproveitado para a elaboración das nosas alternativas programáticas.
24.	Modificación	p. 6, l. 14	Onde di “O BNG establecerá (...)” até o final da frase, debe dicir: O BNG manterá a relación fluída e constante cos movementos sociais vencellados ao nacionalismo que sempre o caracterizou, mesmo no seu período de goberno na Xunta de Galicia.
25.	Inclusión	p. 6, despois da l. 26	Engadir un terceiro principio: Evitar a utilización dos movementos sociais para continuar as loitas entre faccións do BNG por outros medios que non sexan os orgánicos.
26.	Modificación	p. 6, l. 39-43	Despois de “unha oposición firme”, substituír o texto do parágrafo polo seguinte:

e responsable, labor que inexorablemente estará condicionado polo tipo de políticas que o goberno de Feijoo coloque en práctica. É innegable que as súas primeiras decisións teñen sido extremadamente desafortunadas, empeñándose en gobernar pensando na metade dos galegos e galegas que votaron ao PP e contra a outra metade, ben como en continuar presentando un discurso completamente irresponsable en asuntos cruciais, como xa fixo durante a última lexislatura. O BNG porá o acento en defender a necesidade de incrementar os instrumentos de autogoberno que Feijoo lle negou a Galiza, e que nestes tempos de crise son aínda máis necesarios; en defender as conquistas sociais e o carácter público dos servizos básicos e das concesións produtivas, conquistas do BNG nas cales a sociedade galega non debe voltar atrás; e en reivindicar con convicción as liberdades e os dereitos individuais e colectivos, así como os sinais de identidade do noso pobo. O BNG exercerá o seu labor de oposición no Parlamento e na sociedade, conxuntamente coas entidades e colectivos que defenden a causa do ben común para os galegos e galegas.

O BNG sempre compaxinou a firmeza na defensa do seu ideario coa vocación de diálogo, e así seguirá sendo. Pero non albergamos ningunha esperanza de que o PP de Feijoo propicie unha confrontación de ideas construtiva, pois coñecemos ben a súa traxectoria. Os feitos demostran que o PP representa:

27. Supresión p.7, l. 38-39 Excluir desde “A visualización dunha alternativa” até o final do parágrafo.

28. Inclusión p.7, despois da l. 40 Incluir un novo apartado co seguinte texto:

2.4 Estratexia futura de relacionamento co PSdeG e co PSOE

Desde o BNG asistimos con preocupación á sumisión do PSOE perante a campaña do máis rancio nacionalismo español, comandado polos poderes mediáticos e polo PP, á cal responde o PSOE cunha viraxe cara a posicións ideolóxicas centralistas e a prácticas políticas de marxinação do nacionalismo democrático por puro cálculo electoralista.

A aproximación do PSOE, cando non a plena coincidencia, ás posicións do PP en materia de autogoberno é especialmente lesiva para os intereses de Galiza nun momento como o actual, no que se está discutindo o mapa competencial e financeiro do actual modelo autonómico. Frente a calquera tentativa de “pacto de Estado” entre o PSOE e o PP que ignore ou marxine os intereses dos galegos e galegas, o BNG oporá con toda clareza e rotundidade a reivindicación do autogoberno e da suficiencia financeira, ben como a defensa da pluralidade ideolóxica e nacional, da radicalidade democrática e dos dereitos cívicos.

Canto ao PSdeG, observamos cada vez máis ambigüidade canto á asunción da defensa da identidade e dos intereses galegos, tanto no ámbito autonómico como en diversas instancias de poder local. Ao mesmo tempo, é evidente a dependencia do PSdeG a respecto da liña política do PSOE estatal e a súa falta de autonomía política, factores que deben ser tidos en consideración á hora de orientar posibles pactos de goberno.

O BNG non exercerá unha política de pactos imposta desde arriba nin destinada a obter cotas de poder, senón baseada en ideas e proxectos sobre os cales se poida chegar a acordos estables que den lugar a unha acción política caracterizada pola lealdade recíproca. En calquera caso, o

			BNG defenderá, desde o goberno ou desde a oposición, o seu propio discurso político, sen que isto obste o establecemento de espazos de coincidencia cando o PSdeG ou outras forzas políticas compartan os obxectivos esenciais e a actitude leal que o BNG practica e practicará.
29.	Modificación	p. 7, l. 41-43	Substituír o título do apartado por Democracia e pluralismo no Estado español. O modelo bipartidista como antítese da democracia plural e as súas implicacións sobre o modelo socio-económico e cultural.
30.	Modificación	p. 8, l. 39	Substituír “presenza” por “actuación”.
31.	inclusión	p. 9, l. 6	Despois de “en beneficio de Galiza”, engadir: velando con firmeza polo seu escrupuloso cumprimento,
32.	Modificación	p. 9, l. 9-12	Substituír o actual parágrafo polo seguinte texto: O BNG debe exercer no Parlamento español unha política de oposición sen ambigüidades, sempre desde actitudes construtivas e dialogantes, pero esixindo reciprocidade e negándose a servir como muleta dun partido e dun goberno que non cumpren os seus compromisos con Galiza nin mostran a menor disposición a facelo no sucesivo. <i>En todo caso, o BNG defenderá unha visión pluralista e progresista fronte á opción regresiva representada polo Partido Popular.</i>
33.	Supresión	p. 9, l. 19-20	Suprimir as liñas 19 e 20.
34.	Modificación	p. 9, l. 24	Onde di “os elementos básicos”, substituír por elementos básicos (<i>suprimindo “os”</i>)
35.	Modificación	p. 9, l. 27-39	Substituír os dous parágrafos polo seguinte texto: Debemos conceder un papel preeminente á política local, pensando os concellos como ámbito privilexiado de acción política próxima aos cidadáns, no cal materializar proxectos que constrúan a nación desde a base e conquisten a adhesión a un proxecto político global para o país. Por tanto, será unha das prioridades do BNG o establecemento de liñas políticas propias para a actuación municipal e supramunicipal, levando en consideración as diferentes necesidades e demandas de cada área do país. Consecuentemente coa defensa dos concellos como campo de acción política transformadora, é forzoso recoñecer a necesidade de dotalos de autonomía financeira e dunha maior capacidade normativa, aspectos que o BNG defenderá na súa acción institucional.
36.	Inclusión	p. 10, l. 7	Despois de “A organización”, incluír: , tendo como órgano soberano en primeira instancia as respectivas asembleas locais,
37.	Modificación	p. 10, l. 35-42	Substituír o actual parágrafo polo seguinte texto:

O BNG actuará de maneira responsable nos pactos que ten subscrito, executando as políticas da súa competencia e promovendo a construción dunha alternativa progresista fronte ao PP. Porén, a viabilidade dos pactos só será posible se o PSdeG tamén adopta eses criterios como propios, o que até agora ten sido máis a excepción que a regra. Con todo, debido á diversidade das situacións políticas, o BNG non cre oportuno proceder á unha revisión global dos pactos. A revisión debe cingirse aos casos en que se considere necesaria e debe estar orientada a dotalos de maior efectividade no plano político e a facer visible o beneficio dos gobernos de coalición para o conxunto da cidadanía.

38.	Modificación	p. 11, l. 9-10	Substituír “sobre a base de estratexias políticas comúns” por: “sobre a base dun proxecto de goberno compartido”.
39.	Inclusión	p. 11, l. 14	Ao final do parágrafo, incluír: , cando sexa posible.
40.	Modificación	p. 11, l. 48	Onde di “nacionalista”, substituír por “nacional e progresista”.
41.	Modificación	p. 12, l. 4-5	Modificar a redacción deste punto, que ficaría así: Analisar e definir desde as asembleas locais e comarcais, coa coordinación dos consellor locais e comarcais, a nosa política municipal.
42.	Modificación	p. 12, l. 8-9	Substituír este punto polo seguinte texto: Manter unha política informativa acaída (voceiros locais, webs, blogs, microblogs, redes sociais e portal wiki propio) que garantan unha comunicación directa, fluída e bidireccional entre os órganos de dirección do BNG, a súa militancia e a sociedade.
43.	Inclusión	p. 12, l. 12	Despois de “políticos”, incluír e sociais
44.	Inclusión	p. 12, despois da l. 12	Incluír un novo punto co seguinte texto: Establecer vías de participación da cidadanía na vida interna do BNG, intentando que aquelas demandas da sociedade que se identifiquen co noso proxecto sexan debatidas no BNG e nas institucións, posibilitando a participación dos colectivos transformadores na nosa actividade política como forma de enriquecemento interno e de alargamento do concepto de organización política como representación da sociedade.
45.	Supresión	p. 12, l. 14-15	Suprimir a segunda parte do título do apartado.
46.	Modificación	p. 12, l. 32-33	Desde “dentro dos parámetros” até o final, substituír por: dentro dos principios do proxecto político representado polo BNG.
47.	Inclusión	p. 13, despois da l. 24	Incluír un novo punto: Definir equipos de traballo locais e comarcais antes de fin de ano, co cometido de preparar o programa das eleccións municipais vindeiras e de

			establecer estratexias diferenciadas para cada cidade, área metropolitana ou comarca, sempre dentro dos principios políticos e do proxecto nacional do BNG.
48.	Modificación	p. 13, l. 48	Desde “na clarificación” até o final do parágrafo, substituír por: no apoio social ás nosas alternativas políticas, através dunha política de contacto directo coa sociedade e cos problemas máis reais e inmediatos.
49.	Inclusión	p. 14, l. 15	Antes de “UNIDADE”, incluír: : DEMOCRACIA, PARTICIPACIÓN, ASEMBLEARISMO,
50.	Inclusión	p. 9, l. 18	Incluír como primeiro parágrafo o seguinte texto: O BNG reafirma como principios políticos básicos do seu funcionamento orgánico a democracia na tomada de decisións, a participación activa da militancia en todas as instancias de debate e decisión, e o asemblearismo como fórmula de canalizar a actividade militante na organización. Xunto a estes, o BNG proclama a súa aposta, unha vez máis, polos principios orgánicos da unidade organizativa, o pluralismo ideolóxico e a lealdade ás decisións maioritarias. O BNG respectará escrupulosamente estes principios, que incorporará na práctica a través das fórmulas que garantan a máxima operatividade política como obxectivo funcional.
51.	Modificación	p. 14, l. 24-29	Desde “Hoxe” até o final do parágrafo, substituír polo seguinte texto: Hoxe máis que nunca temos que suliñar o valor da unidade, da diversidade ideolóxica e do pluralismo como unha garantía de cohesión do nacionalismo galego. A unidade na diversidade é unha realidade que nos enriquece como forza política e que debe ter o acaído reflexo na concepción organizativa do BNG.
52.	Modificación	p. 14, l. 44	Colocar “lóxicas” antes de “discrepancias” ou, no seu defecto, eliminar o adxectivo.
53.	Modificación	p. 14, l. 45	Onde di “unha canle exclusiva”, substituír por: a súa canle primaria e privilexiada
54.	Inclusión	p. 14, l. 47	Incluír, ao final do parágrafo, o seguinte texto: Todos debemos facer un esforzo para manter as discrepancias no terreo das ideas. O obxectivo expreso de ampliar a participación social faise moi difícil se unha parte importante da actividade da organización se perde en discusións só entendíbeis en clave interna e que dificultan a implicación de recén-chegados, alén de transmitir a impresión dunha organización centrada en si mesma e non nos problemas da sociedade.
55.	Modificación/ Inclusión	p. 14, l. 49- 50	No lugar do último parágrafo, incluír o seguinte texto: O mantimento dos principios políticos enunciados, que forman parte do mellor patrimonio do BNG e que deben ser compartidos e practicados por todos, non implica un inmovilismo nas formas de organización, que deben adaptarse dialecticamente ás realidades e esixencias sociais. O modelo frentista demostrou a súa validez para acadar os obxectivos cos que foi formulado: acumulación de forzas; apoio social interclasista; fórmula de resistencia e de defensa dos intereses populares fronte á dereita; e hexemonía social e electoral do BNG no campo da esquerda. Todos estes

obxectivos foron plenamente atinxidos hai unha década, mais hoxe atopámonos nun momento político diferente, que nos obriga a adoptar unha posición autocrítica en aspectos tan relevantes como os enumerados a seguir:

- Asunción da inviabilidade do BNG como proxecto hexemónico no seo da sociedade galega, coa súa actual configuración ideolóxica e organizativa. É o momento de exercer a xenerosidade e a altura de miras, colocando o BNG como proxecto común por riba dos lexítimos matices. Necesítase a suma de todas as vontades para traballar conxuntamente nun proxecto común, ilusionante, plural e unitario, de carácter radicalmente democrático tanto no discurso e na práctica social canto no funcionamento interno.
- Asunción da necesidade doutras forzas de carácter nacionalista (ou nitidamente galeguista) para que a dialéctica política galega teña o seu eixo no país e non en instancias foráneas.
- Asunción da contradición entre a nosa representatividade social e o nivel de poder institucional acumulado.
- Asunción da insuficiencia ideolóxica do noso actual discurso baseado no nacionalismo como único eixo articulador, ben como da súa imprescindible inserción en coordinadas ideolóxicas de esquerda transformadora.
- Asunción das deficiencias na nosa comunicación coas organizacións sociais de esquerdas e/ou nacionalistas. É necesario establecer de vez unha cultura de colaboración desde o diálogo permanente, o mutuo respecto e a lealdade recíproca.

A partir deste diagnóstico, o BNG propugna unha reavaliación da práctica política da organización, que a partir de agora debe ter como algúns dos seus eixos principais os seguintes:

- Recuperar o papel da militancia como auténtico poder soberano do BNG, tanto no ámbito nacional como no territorial.
- Renovar o propio concepto de militancia, ampliándoo e tornándoo máis atractivo e eficiente. Loxicamente, a revisión do concepto de militancia tamén implica mudanzas organizativas e operativas, notadamente na redefinición e revitalización das comisións políticas (no nivel nacional, comarcal e local).
- Impor límites á permanencia de membros do BNG (ou de persoas escollidas nas nosas listas electorais) en cargos de representación pública, tanto na estrutura interna como especialmente nas institucións públicas. Temos que asumir que a perpetuación no poder (sexa executivo ou lexislativo, sexa no plano orgánico) crea inercias desmobilizadoras, cando non puramente conservadoras. Simultaneamente, delimitar claramente as funcións entre o BNG como organización e o BNG como forza de goberno, de modo que haxa dirixentes que non son candidatos, e candidatos que non son dirixentes.
- Definición do BNG como forza política unitaria de carácter nacional galego, democrática, republicana e de esquerdas. E, como consecuencia de todo iso no presente momento histórico,

nacionalista. Adopción dun funcionamento asembleario e da elaboración de candidaturas mediante primarias en todos os ámbitos.

O BNG non pode xa máis ser concebido como un conxunto de proxectos, pois pola súa traxectoria ten se consolidado como un só proxecto social e ten definido o seu perfil político e o seu campo de actuación. É necesario chegarmos a un proxecto de síntese para poder solicitar á sociedade o seu apoio maioritario. Un proxecto diferenciado, alternativo e transformador, que é a identidade que hoxe xa ten o BNG, e que debe exercer sen complexos.

As directrices do proxecto político do BNG son, sen dúbida, as correctas para o obxectivo de transformar o país e de construír unha nación dona de seu, máis libre, máis próspera e máis xusta. Esas directrices deben ser desenvolvidas e concretadas en propostas programáticas capaces de abranxer a inxente diversidade de ámbitos específicos de actuación sobre os cales estamos obrigados a intervir, proporcionándolle así ao BNG como proxecto unitario o seu perfil político global. O BNG márcase como tarefa primordial elaborar, conxuntamente cos colectivos sociais respectivos, estudos e programas específicos para asuntos tan cruciais como o financiamento autonómico; a ordenación do territorio; a descentralización administrativa (no ámbito galego); o planexamento económico das áreas metropolitanas, urbanas e comarcais; a política económica e fiscal; as relacións laborais e a política de emprego; o desenvolvemento sustentable ambiental e socialmente; a política de investigación e desenvolvemento; o sistema educativo; a inserción dos inmigrantes; e a política de seguranza. O Consello Nacional, coa coordinación da Executiva e a participación das comisións políticas de cada área de actuación, serán responsables de confeccionar estes programas, que serán presentados e debatidos na próxima Asemblea Nacional.

Se abordarmos estes retos, certamente estaremos nunha posición de grande vantaxe sobre o resto de forzas políticas galegas, as cales carecen de vontade, pola súa propia esencia, para propor alternativas aos desafíos sociais contemporáneos desde unha perspectiva dos intereses de Galiza, e moito menos dos intereses das clases traballadoras galegas.

Enmendadas presentadas polos seguintes militantes:

Carlos Alberte Amoedo Souto
Emilio José García Juanatey
Filipe Antonio Fernández Díez